

VIAXE CULTURAL DE FIN DE ETAPA (4º ESO) - CURSO 2018 / 2019

DESTINO: Barcelona

DATAS: 8 – 13 de abril

PROFESORADO ACOMPAÑANTE: Irene Pérez Quirós e Javier Alijo (pendentes de confirmación)

PLAN DE VIAXE:

1º DÍA: O MILLADOIRO - BARCELONA

Saída do Milladoiro (hora pendente de confirmación) con dirección Barcelona. Xantar por conta de cada alumno/a. Chegada ao hotel, cea e aloxamento.

2º DÍA: BARCELONA - COSMOCAIXA

Almorzo. Pola mañá visita a Barcelona. Xantar pícnic do hotel. Pola tarde visita ao Museo de Cosmocaixa. Regreso ao hotel, cea e aloxamento.

3º DÍA: AQUARIUM - PARQUE GÜELL

Almorzo. Pola mañá visita ao Aquarium de Barcelona. Pícnic do hotel. Pola tarde visita ao Parque Güell. Regreso ao hotel, cea e aloxamento.

4º DÍA: BLANES - CALELLA

Almorzo. Pola mañá visita a Blanes e o seu Xardín Botánico. Regreso ao hotel para xantar. Pola tarde visita a Calella. Regreso ao hotel, cea e aloxamento.

5º DÍA: PORT AVENTURA

Almorzo e día completo en Port Aventura con xantar incluído nalgún dos restaurantes do parque . Regreso ao hotel, cea e aloxamento.

6º DÍA: BARCELONA – O MILLADOIRO

Almorzo e regreso. Xantar incluído en restaurante concertado. Chegada cara á noite.

PREZOS POR PERSOA: (IVE incluído)

De 50 a 54 alumnos/as inscritos..... 380 €

De 45 a 49..... 390 €

De 40 a 44..... 410 €

De 35 a 39..... 430 €

De 30 a 34..... 450 €

De 25 a 29..... 490 €

Este prezo inclúe:

Autocar desde O Milladoiro e durante todo o percorrido.

5 noites no hotel Checkin Sirius en Santa Susana 4 * (poboación costeira a 70 km de Barcelona)

Estancia en réxime segundo o programa anterior.

Xantar en ruta de regreso

Bebidas incluídas (auga) en xantares e ceas.

Distribución en habitacións múltiples.

Entrada no Museo Cosmocaixa

Entrada libre no Aquarium Barcelona

Entrada con almorzo en Port Aventura

Entradas no Parque Güell e no Xardín Botánico de Blanes

Entrega de talonarios de rifas para financiamento da viaxe.

Seguro de viaxe

Aviso: Os menores de 17 anos están exentos do pago da taxa turística (de pago directo no hotel; 0,90 e persoa/día)

FORMA DE PAGO:

Ingreso ou transferencia na conta da axencia de viaxes “B the travel band” (r/ Xeneral Pardiñas 15, Santiago de Compostela):

BBVA IBANES29 0182 4899 14 0200716200

Debe constar o nome e apelidos **do alumno/a**, así como o nome do IES do Milladoiro. Non o nome da persoa que fai a transferencia (pai, nai titor...) Este pode constar, pero necesitamos que figure o nome do alumno ou alumna.

Exemplo: María Galego Galego- IES do Milladoiro

Debe enviarse fotocopia dos ingresos ou das transferencias ao centro, para que quede constancia no insituto, ao correo mgende@edu.xunta.es ou ben entregándoa en man en vicedirección. Unha vez conste no centro a realización do primeiro ingreso cada alumno/a poderá recoller en vicedirección o seu talonario de rifas.

DATAS DE PAGO:

- 1) 100 euros de reserva por alumno/a antes do 11/ 01/ 2019
- 2) 100 euros por alumno/a antes do 21/ 02/ 2019
- 3) Resto da cantidade (a determinar, dependerá do número de participantes) con data 22/ 03 / 2019

CANCELACIÓN

Ata 01/03/2019 pode recuperarse a cantidade total ingresada, a partir desa data perderían o depósito inicial (100 euros)

INFORMACIÓN XERAIS

- **Cada alumno/a deberá levar o seu DNI e a súa tarxeta sanitaria orixinais.**
- Recoméndase que leven calzado cómodo e unha mochila lixeira (para o pícnic, móbil, auga, etc.)
- Cada alumno/a participante na viaxe terá que entregar á vicedirectora, **antes do 4 de abril**, o seguinte:
 - A ficha de autorización e aceptación das normas cuberta correctamente e asinada (de non tela entregado o día da reunión)
 - As fotocopias dos distintos ingresos ou transferencias (no caso de non envialas por correo electrónico)
 - As fotocopias do DNI e da Tarxeta sanitaria (os orixinais debe levalos cada alumno/a)
 - Os alumnos/as que teñan algún problema médico específico e que requira coidados especiais deben comunicarllo á vicedirectora e ao profesorado acompañante antes do inicio da viaxe. Da mesma maneira, os/as que precisen medicación, deben asegurarse de que levan os seus medicamentos en cantidade necesaria e nun lugar seguro.

NORMAS DA VIAXE

Esta viaxe cultural de fin de etapa en 4º ESO ten a consideración de **actividade extraescolar** do IES do Milladoiro e polo tanto teranse en conta as normas de funcionamento do instituto. O alumnado que participe na viaxe, como en calquera outra actividade, representa o noso centro e a nosa localidade e por tanto espérase del un comportamento correcto, tanto individualmente como en grupo.

Ademais das normas que rexen no regulamento do centro, establécense as seguintes, específicas para esta viaxe cultural, de obrigado cumprimento por todo o alumnado:

- Está prohibido o consumo de tabaco, alcohol ou calquera substancia estupefaciente.
- Os horarios establecidos para cada momento e cada actividade polo profesorado acompañante teñen que ser respectados polo alumnado.
- Nos desprazamentos a pé seguirase o itinerario indicado polo profesorado sen deterse nin afastarse do grupo.
- Respectaranse rigorosamente as indicacións e sinalizacións relativas á seguridade vial (pasos de peóns, semáforos, etc.)
- Está prohibido calquera comportamento que supoña molestias ou risco para a integridade física das persoas ou os bens materiais (falar en voz alta en lugares pechados, berrar, entorpecer o paso de persoas ou vehículos, entorpecer o dereito ao descanso...)
- É obrigatorio manter a orde e a limpeza da cidade, dos medios de transporte e do hotel.
- O profesorado acompañante encargárase da distribución do alumnado nos cuartos do hotel seguindo criterios de racionalidade. Esta distribución non poderá ser alterada polo alumnado.
- Os alumnos/as asignados a cada cuarto serán os responsables do coidado e conservación do mesmo, así como dos posibles deterioros ocasionados. En caso de barullo excesivo ou deterioro das instalacións e mobiliario do aloxamento, será responsable o alumno/a ou alumnos/as que os ocasionasen, ou dado o caso, ou de ser imposible determinar responsabilidades, o grupo no seu conxunto, facéndose cargo dos gastos orixinados.
- Á hora establecida polo profesorado acompañante para o descanso, respectarase o silencio e o dereito ao descanso dos demais. A partir desa hora o alumnado non poderá saír do cuarto que se lle asigne.
- Está terminantemente prohibido saír do hotel fóra dos horarios marcados.
- O incumprimento destas normas de convivencia será valorado polo profesorado acompañante e de considerarse grave ou reiterado poderá supoñer:
 - Unha amoestación verbal.
 - A perda do dereito a realizar as actividades programadas (incluída Port Aventura)
 - A comunicación á familia en calquera momento do día ou da noite.
 - A finalización anticipada da viaxe e regreso á casa con custo a cargo da familia.

Serán consideradas especialmente graves as seguintes condutas:

- O consumo de alcohol ou substancias estupefacientes.
- As condutas violentas coas persoas ou os bens materiais.
- O roubo de bens materiais.
- O abandono do hotel sen permiso do profesorado acompañante.
- A reiteración de incidencias ignorando as indicacións do profesorado acompañante sobre as normas arriba indicadas.

AUTORIZACIÓN E ACEPTACIÓN DAS NORMAS

Coa miña sinatura autorizo ao meu fillo/a participar na viaxe a Barcelona organizada polo IES do Milladoiro dos días 8 ao 13 de abril.

Acepto tamén as normas de comportamento anteriormente indicadas, así como as medidas que o profesorado acompañante deba tomar, se fose o caso, para corrixir a conduta do alumnado.

Entendo e consinto que o profesorado acompañante pode empregar os datos persoais do alumno/a e a familia cos fins lóxicos e imprescindibles para a actividade.

Ademais, comprométome a estar dispoñible nos teléfonos que indique e, en caso de necesidade de intervención médica urxente e non sendo posible contactar con nós, autorizo ao profesorado acompañante a seguir as indicacións dos médicos/as.

Datos do alumno/a:

Nome e apelidos

Teléfono móbil

Información que se considere pertinente para o profesorado acompañante en relación á saúde ou a algunha medicación que o alumno/a deba tomar:

.....
.....
.....
.....
.....
.....

Datos do pai/nai/ titor-a legal:

Nome e apelidos

Teléfono móbil Teléfono fixo.....

Nome e apelidos

Teléfono móbil Teléfono fixo.....

Sinatura/s do pai/ nai ou titor/a

No Milladoiro a.....dede 201.....